



OUTONO DE 2017

Espectáculos para público de 1 a 3 anos

Quen non asistise nunca a unha función de teatro para bebés adoita mostrar escepticismo, pero os que o fixeron, repiten. A emoción que destilan estas obras tanto no escenario como no patio de butacas é de alta intensidade. Na realidade, non é entre o patio de butacas senón entre o público porque, en estrito sentido, patio de butacas non hai. As obras para estes espectadores tan precoces observan algúns requisitos e un deles é a proximidade entre escena e espectadores, o que leva a que o patio de butacas se transforme nunha zona pegada ao escenario con tatamis, coxíns, pequenos bancos... nos que os nenos poden permanecer sentados con menos rigor e dun xeito máis acorde á súa anatomía, á beira dos seus pais.

O segundo requisito é a duración: entre media hora e 40 minutos é o tempo que a atención dun bebé pode fixarse.

Son propostas moitas veces sen palabras que espertan sensibilidades e transmiten emocións achegándonos ao teatro, á danza, á música, á vida.



OUTONO DE 2017

VENDA DE ENTRADAS

Entradas: 6,00 € // Abono 3: 15,00 € (3 entradas para a mesma función)
// Menores de tres anos: 2,00 €

Todos os que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo, deben facelo con entrada.

↓ DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos, de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

↓ DESPACHO DE BILLETES DO ÁGORA

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles)

↓ TELEVENDA: 902 044 226

De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h
e domingos de 16.00 a 21.00 h

www.ticketea.com

PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O ESPECTÁCULO NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA



CORUÑA
PRÓXIMA

+ info www.coruna.es/cultura

f Podés seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



Depósito legal: © 1105-2017

OUTONO DE 2017

Espectáculos para público de 1 a 3 anos



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



BooB

escena

OUTONO DE 2017

DOMINGO
17

SETEMBRO 2017
11.30 e 13.00 h

ALGODÓN

ESCENA MIRIÑAKE (SANTANDER)

Duración: 35'

“Porque saímos de casa mirando ao chan, non vemos que temos ceos sempre novos. Paisaxes de algodón cambiantes, únicas, aéreas.

Se nos detemos, vemos a violeta, unha nube alta fraca e coqueta, ou a Gastón, grande gris e barrigón. Nubes como emocións engaioladas no noso corazón.

Unhas alegres, amarelas con raios de sol; outras, asustadas, co medo da luz apagada. Cada unha co seu nome, a súa cor, a súa emoción.”

Unha peza única de calidade, orixinal e sensitiva que establecerá un vínculo artístico-afectivo único co bebé e as súas familias.

Partindo da premisa de que o primeiro xoguete do bebé son as súas mans, xestaremos unha creación artística a través do xogo das actrices cos bebés e as súas familias, chegando á descuberta do artístico e o sensorial.

MANS PARA TOCAR - MANS PARA AMAR - MANS PARA DESPEDI-
- MANS PARA CHAMAR....

COAS TÚAS MANS PÍNTASME - COAS TÚAS MANS ARRÓUPASME -
COAS TÚAS MANS DISME - COAS TÚAS MANS TÓCASME ...

Actrices: Iria Angulo e Yolanda González

Autora: Blanca del Barrio

Premio FETEN
ao Espectáculo
para a Primeira
Infancia

DOMINGO
15

OUTUBRO 2017
11.30 e 13.00 h

LOO

Ponten Pie (Barcelona)

Duración: 25'

Un espectáculo pensado para poder experimentar a proximidade do teatro e as sensacións dunha forma especial.

LOO é un vento asiático, cálido e seco que actúa polas tardes de verán, e o espectáculo unha visión da súa dura tarefa de empurrar as dunas do deserto e devastar as zonas húmidas, as selvas e os océanos. Deixar barcos paralizados no medio dun mar de area, fulminando por sempre a súa posibilidade de navegar.

Un documento poético e inédito, mirado con lupa, sobre o como e o por que o vento desertiza.

Unha produción de Ponten Pié e o Festival O Més Petit De Tots.

Idea orixinal e dirección: Sergi Ots

Guión: Sergi Ots e Emilie De Lemos

Intérprete: Natalia Méndez Concepción

DOMINGO
5

NOVEMBRO 2017
11.30 e 13.00 h

AKARI

DaTeDanza (Granada)

Duración: 45'

Akari é luz. Investiga as súas propiedades e a súa particular forma de viaxar polo aire: a luz, a penumbra, a sombra e a escuridade. Mostra a necesidade que sentimos de aproximámonos a un raio de luz para quentarnos a nosa pel e de por que todos pechamos os ollos ao facelo. Poñémoslle obstáculos para impedir que continúe cara a adiante, sempre en liña recta, sempre en liña recta... Vimola nos ollos do outro e sentimos como ás veces se coa dentro de nós e como nos alaga. Entón parece que sae despedida pola xema de cada dedo, e que rodea o noso corpo ao andar. Escápasenos polo peito e a nosa mirada lánzase cara a adiante sempre en liña recta, sempre en liña recta.

A través da danza, a luz interior de cada un de nós brilla dun modo especial e único!!

...Con este espectáculo indágase na maneira na que se desenvolve a sensibilidade dun bebé e a súa visión dos outros.

Interpretes: Inés García e David Barrera

Dirección e coreografía: Omar Meza

Dirección teatral e textos: Julia Ruíz Carazo

DOMINGO
26

NOVEMBRO 2017
11.30 e 13.00 h

ESFERIC

ABOON TEATRE (BARCELONA)

Duración: 42'

Imaxinemos outro lugar, onde o tempo non é tempo. Un lugar de corazóns nobres e sabios, un espazo de felicidade. E un proxecto ambicioso, desexado longamente, nacido co propósito de experimentar a gratitude pola vida. E hoxe por fin ve a luz. Hoxe nace o noso Planeta Terra. Dúas viaxeiras deste non-tempo son as encargadas de iniciarnos nesta aventura.

Desde os principios de lava e lume ata as Auroras Boreais do Ártico, pasamos polos misterios do océano e bosques milenarios, sempre acompañados por algún dos seus simpáticos habitantes. Unha viaxe para redescubrirnos o noso planeta Terra e emocionámonos con el.

Dúas viaxeiras interestelares experimentarán o seu paso pola terra, vivindo diferentes emocións nas catro paisaxes que descubrirán.

En Esferic hai catro escenas que representan os ciclos da vida a nivel macro e micro.

Idea orixinal: Aboon teatro e Eduardo Telletxea

Dirección: Eduardo Telletxea

Interpretación: Anna Serra e Mei Samarra

DOMINGO
17

DECEMBRO 2017
11.30 e 13.00 h

CRASSH BABIES: Workshop & Performance

CRASSH (Portugal)

Duración: 50'

CRASSH é unha combinación única de percusión, movemento e comedia visual, onde todo é un pretexto para producir son, cunha enerxía contaxiosa. Con diferentes sonoridades, da voz aos tubos de pvc pasando por obxectos do cotián, todo serve para estimular os sentidos dos máis pequenos e proporcionar momentos únicos entre as nais e os pais e as fillas e os fillos.

CRASSH é un proxecto vencedor de varios premios en Portugal e recentemente gañador do premio “Público” no Festival Internacional de Teatro de Castela e León.